

Tecnoloxías da Linguaxe Natural

O **Procesamento de Linguaxe Natural** (NLP en inglés) refírese á interacción entre computadores e humanos utilizando a linguaxe natural como medio de comunicación. É un ámbito interdisciplinario entre a Intelixencia Artificial e a Lingüística Computacional que trata coa interpretación e **comprensión** automáticas da linguaxe humana, frecuentemente representada en formatos non estruturados, coma textos ou documentos. Pero tamén trata coa **xeración** automática de textos en linguaxe natural, a partir de fontes diversas coma datos numéricos ou simbólicos, así coma textos ou documentos.

Obxectivos científicos

No Programa Científico **Tecnoloxías da Linguaxe Natural** (TLN) investigamos en modelos e desenvolvemos tecnoloxías para diversas tarefas estado da arte en NLP, como son:

- NLP para extracción de información, análise da linguaxe, extracción de relacións, similitude de sentenzas...
- Recuperación de Información e tecnoloxías de busca
- Representación semántica con ontoloxías
- Sistemas de Big Data a textos: xeración de linguaxe natural dende datos
- Análise intelixente de datos en NLP: aprendizaxe máquina, minaría de datos, coñecemento e razoamento imprecisos
- Computación de altas prestacións e tecnoloxías Big Data para NLP

Obxectivos tecnolóxicos

Aplicamos NLP con éxito en diversos ámbitos, coma:

- Clasificación ou resumo automático de documentos
- Análise de sentimentos, extracción multilingüe de terminoloxía
- Perfilado de usuarios e detección temperá de riscos
- Sistemas "Data to text"

Podés ver algúns dos nosos **proxectos de I+D, innovación e transferencia de tecnoloxía** en áreas coma a tradución automática, minaría de opinións, sistemas de información ambiental, intelixencia de negocio ou e-saúde, entre outros.

Queres saber máis?

Para colaboracións, visitas, etc. contacta con:

Alberto Bugarín Diz

alberto.bugarin.diz@usc.es

 [@albugadiz](https://twitter.com/albugadiz)

 [alberto.bugarin_usc](https://github.com/alberto.bugarin_usc)

INVESTIGADORES ASOCIADOS

José María Alonso Moral
Senén Barro Ameneiro
Alberto Bugarín Diz
Purificación Cariñena Amigo
Pablo Gamallo Otero
Manuel Lama Penín
David E. Losada Carril
Patricia Martín Rodilla
Juan Carlos Pichel Campos
Alejandro Ramos Soto
Juan Carlos Vidal Aguiar

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

NL4XAI: Tecnoloxías da Linguaxe Natural Interactivas para a Intelixencia Artificial Explicable
Multi3Generation: Xeración de Linguaxe Natural multitarefa, multilinguaxe e multimodal
SEADDA: Salvando a arqueoloxía europea dunha Idade Oscura Dixital

[Ver todos](#)